

HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA

O exame consta de 8 preguntas de 2 puntos das que poderá responder un **MÁXIMO DE 5**, combinadas como queira. Si responde máis preguntas das permitidas, **só serán corrixidas as 5 primeiras respondidas**. / *El examen consta de 8 preguntas de 2 puntos de las que podrá responder un **MÁXIMO DE 5**, combinadas como quiera. Si responde más preguntas de las permitidas, solo serán corregidas las 5 primeras respondidas.*

PREGUNTA 1. Desenvolva os seguintes dous temas: / Desarrolle los dos temas siguientes:

Extensión aproximada: media páxina cada tema. / *Extensión aproximada: media página cada tema. (Anexo I)*

1.1. O xénero do concerto no Barroco. / *El género del concerto en el Barroco. (1 punto)*

1.2. O nacionalismo musical en España: Manuel de Falla / *El nacionalismo musical en España: Manuel de Falla. (1 punto)*

PREGUNTA 2. Desenvolva os seguintes dous temas: / Desarrolle los dos temas siguientes:

Extensión aproximada: media páxina cada tema. / *Extensión aproximada: media página cada tema. (Anexo I)*

2.1. A sinfonía programática e o poema sinfónico no Romanticismo. / *La sinfonía programática y el poema sinfónico en el Romanticismo. (1 punto)*

2.2. A Suite de Danzas no Renacemento. / *La suite de danzas en el Renacimiento. (1 punto)*

PREGUNTA 3 Defina os 4 seguintes conceptos en 1-4 liñas por definición: / Defina los 4 conceptos siguientes en 1-4 líneas por definición: 3.1. Canto responsorial **(0,5 puntos)**, **3.2.** Dodecafonismo **(0,5 puntos)**, **3.3.** Recitativo secco **(0,5 puntos)**, **3.4.** Madrigal **(0.5 puntos)** (Anexo II)

PREGUNTA 4 Defina os 4 seguintes conceptos en 1-4 liñas por definición: / Defina los 4 conceptos siguientes en 1-4 líneas por definición: 4.1. *Aria da Capo* **(0,5 puntos)**, **4.2.** Recitativo **(0,5 puntos)**, **4.3.** Trobador/ Trobadora **(0,5 puntos)**, **4.4.** Música electroacústica **(0.5 puntos)** (Anexo II)

PREGUNTA 5. Lea o texto e responda os apartados que se formulan despois do mesmo. Extensión máxima: media páxina. / Lea el texto y responda los apartados que se formulan después del mismo. Extensión máxima: media página.

“O mércores cara ás 8 da tarde, o Rei embarcou en Whitehall nunha barcaza descuberta, na que viaxaban tamén a duquesa de Bolton, a duquesa de Newcastle, a condesa de Godolphin, a señora Kilmanseck e o conde d’Orkney, e a comitiva remontou o río en dirección a Chelsea. Acompañábanlles moitas outras barcazas ocupadas por importantes persoeiros, e tan grande era o número de barcos que cubrían todo o ancho do río. Para os músicos dispúxose o barco dunha compañía da City, e nela viaxaban 50 instrumentistas de todo tipo, que non pararon de tocar... as máis fermosas sinfonías, compostas especialmente para a ocasión polo señor Haendel. A Súa Maxestade quedou tan compracido que fixo repetir a interpretación tres veces na viaxe de ida e volta. Ás once da noite, a Súa Maxestade desembarcou en Chelsea, onde se tiña preparado unha grande cea, despois da cal escoitouse outro afinado concerto que durou ata as dúas; seguidamente, a Súa Maxestade emprendeu a viaxe de regreso, amenizada igualmente con música ata o final”.

5.1. Identifique a que tipo de músicas se refire a crónica e describa o xénero ou xéneros aos que pertence. / *Identifique a qué tipo de músicas se refiere la crónica y describa el género o géneros a los que pertenece. (1 punto)*

5.1. Describa cales eran as funcións habituais dun compositor da Corte como o citado no texto. / *Describe cuáles eran las funciones habituales de un compositor de la Corte como el citado en el texto. (1 punto)* (Anexo III)

PREGUNTA 6. Lea o texto e responda os apartados que se formulan despois do mesmo. Extensión máxima: media páxina. / Lea el texto y responda los apartados que se formulan después del mismo. Extensión máxima: media página.

“Non foi só Rusia a influída pola música do noso pobo: outra gran nación musical houbo máis tarde de seguir o seu exemplo, e esa nación foi Francia, personificada por Claude Debussy; pois se ben non poucos compositores franceses o precederan nese camiño, as súas intencións reducíronse a facer música á española, e o mesmo Bizet na súa admirable *Carmen* non parece, en xeral, terse proposto outra cousa. Aqueles músicos, desde o máis modesto ao máis sobranceiro, contentábanse coa referencia -¡En cantos casos falsa!- que lles proporcionaba tal ou cal colección de cancións e danzas cuxa autenticidade nacional non ofrecía outra garantía que a de ostentar os seus autores un nome español. E como, desgraciadamente, ese nome non coincidía sempre co de artistas acredores de tal título, o documento carecía con frecuencia de todo valor.

A un home como Claude Debussy, claro está, non podería satisfacerlle semellante procedemento; por iso -no caso que tratamos-, a súa música non está feita á española, senón en español, ou mellor dito, en andaluz, posto que o noso cante jondo é, na súa forma máis auténtica, o que ten dado orixe, no só ás obras voluntariamente escritas por el con carácter español, senón tamén a determinados valores musicais que poden apreciarse noutras obras súas que non foron

HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA

compostas con aquela intención. Referímonos ao seu frecuente uso de certos modos, cadencias, enlaces de acordes, ritmos e máis xiros melódicos que revelan evidente parentesco coa nosa música natural”.

6.1. No texto descríbense dúas maneiras de acercarse á “música española” por parte de compositores no españois. Describa como diferencia o autor do texto esas dúas maneiras. / *En el texto se describen dos maneras de acercarse a la “música española” por parte de compositores no españois. Describa cómo diferencia el autor del texto esas dos maneras. (1 punto)*

6.2. No texto falase de “música á española” e “en español”; tamén de música “en andaluz” ¿Que diferenzas hai entre estes conceptos usados polo autor do texto?. Explique o porqué da identificación entre música española e música andaluza nese período histórico da música académica europea. / *En el texto se habla de “música a la española” y “en español”; también de música “en andaluz” ¿Qué diferencias hay entre estos conceptos usados por el autor del texto? Explique el porqué de la identificación entre música española y música andaluza en ese período histórico de la música académica europea. (1 punto) (Anexo III)*

PREGUNTA 7. Observe a imaxe e responda os dous apartados. Extensión máxima: media páxina. / *Observe la imagen y responda los dos apartados. Extensión máxima: media página. (Anexo IV)*



7.1. Describa o contexto histórico-estilístico da música que acompaña ao ballet da imaxe. *Describe el contexto histórico-estilístico de la música que acompaña al ballet de la imagen. (1 punto)*

7.2. Resuma as novidades achegadas polo bailarín e a súa compañía á evolución do ballet. *Resuma las novedades aportadas por el bailarín y su compañía a la evolución del ballet. (1 punto)*

PREGUNTA 8. Observe a imaxe e responda os dous apartados. Extensión máxima: media páxina. / *Observe la imagen y responda los dos apartados. Extensión máxima: media página. (Anexo IV)*



8.1. Contextualice cronolóxica e xeográficamente o documento e describa o seu contido. / *Contextualice cronológica y geográficamente el documento y describa su contenido. (1 punto).*

8.2. Identifique e describa os instrumentos que aparecen na imaxe. / *Identifique y describa los instrumentos que aparecen en la imagen. (1 punto)*